



Bases do Concurso de Ideas para o desenvolvemento dun proxecto piloto do proxecto Aceleración dos ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en Xemelgo Dixitais

ANTECEDENTES

O programa Redes de Especialización Tecnolóxica Territorial (**RETECH**) é unha iniciativa impulsada pola Secretaría do Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial (**SEDIA**) e financiada polos Fondos Next Generation EU. Ten como obxectivo o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos en diversos ámbitos de actuación, como a intelixencia artificial, as redes de emprendemento ou **os xemelgos dixitais**.

Neste marco, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (**AMTEGA**) veu desenvolvendo varias iniciativas, entre elas a que leva por título **Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en Xemelgos Dixitais**. Este proxecto estruturase en varias liñas de traballo as que se lle suman accións de difusión, formación e impulso da innovación.

En particular, o concurso de ideas do Xemelgo Dixital de Galicia (XDG) ten como obxectivo identificar e acelerar solucións innovadoras baseadas nas tecnoloxías de Xemelgo Dixital aplicadas ao territorio galego, con especial atención aos **ámbitos do medio rural e do turismo**.

BASE PRIMEIRA. Obxecto do concurso

A finalidade deste concurso de ideas é conectar ás entidades públicas, empresas e centros tecnolóxicos co fin de desenvolver propostas baseadas no xemelgo dixital que poidan transformarse posteriormente en proxectos piloto, contribuíndo así a unha xestión territorial máis eficiente, sostible e intelixente.

O obxecto do presente concurso é seleccionar unha serie de propostas innovadoras: seis ideas finalistas e, entre elas, dúas gañadores pertencentes aos ámbitos do turismo e do medio rural, destinadas ao desenvolvemento de pilotos baseados en xemelgos dixitais.

Concretamente, interesan aquelas **propostas que fagan uso de tecnoloxías propias do xemelgo dixital**, como o traballo con datos en tempo real, a sensorización, a aplicación de



intelixencia artificial ao territorio ou o uso de recursos xeolocalizados (imaxe satelital, información climática, cartografía, entre outros), en liña coas **capacidades da Plataforma Territorio Intelixente**.

As capacidades técnicas e funcionais da Plataforma Territorio Intelixente poden consultarse no [Anexo I](#).

Valorarase especialmente que as propostas contribúan a mellorar a xestión de procesos, sistemas, fenómenos ou infraestruturas mediante a súa monitorización, o lanzamento de alertas, a execución de accións automáticas, a predición de situacións futuras ou a realización de simulacións.

a) Medio rural

Para o ámbito do Medio Rural, propónse como liña temática la **xestión intelixente e sostible do territorio rural baseada en datos**, orientada a planificación territorial intelixente na contorna rural. Esta liña orientase a integración de datos de diversa natureza (catastrais, produtivos, ambientais, climáticos ou procedentes da sensórica territorial que monitorice variables ambientais, hídricas, produtivas ou forestais), co fin de que dita información alimente, en última instancia, a toma de decisións tanto operativas como estratéxicas.

As propostas presentadas ao ámbito de Medio Rural deberán alinearse co traballo desenvolto para a formulación da **iniciativa EIRA (Espazo de Innovación Rural Aplicada)**, impulsada por AGADER (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) e AMTEGA, e orientada a consolidar un ecosistema galego de innovación territorial que integre o dato, o coñecemento e a evidencia na toma de decisións sobre o medio rural.

Entre as posibles liñas de traballo deste ámbito inclúense, a modo de exemplo, as seguintes:

- **Xestión de instrumentos de ordenación e recuperación de terras**, mediante a análise da evolución de superficie agraria abandonada e a detección de patróns que permitan, a través de modelos predictivos, anticiparse ao abandono e evitalo mediante o uso dos instrumentos da lei.
- **Control de especies invasoras**, desenvolvemento de solucións innovadoras para detección, seguimento, control e prevención de especies exóticas invasoras para unha xestión máis eficaz e sostible do territorio.



- **Afección de fauna silvestre en explotacións gandeiras**, a través da análise de datos rexistrados dos danos ocasionados, detección das zonas de maior incidencia, patróns de comportamento ou obtención de datos consolidados dos efectos producidos.
- **Xestión intelixente da auga** mediante a integración de sensórica (caudal e nivel) e análises de datos climáticos e de acuíferos, permitindo tanto o control en tempo real da eficiencia hídrica e a detección de incidencias (fugas, cortes o desbordamentos), como a predición anticipada de riscos de escaseza para a actividade agraria.
- **Xestión intelixente dos cultivos**, utilizar tecnoloxías intelixentes para a planificación de cultivos ou predición de colleitas.
- **Xestión da trazabilidade alimentaria**, uso de etiquetado intelixente con sensores de temperatura, humidade ou localización para previr riscos sanitarios e asegurando a calidade do produto.
- **Optimización na implantación e xestión de comunidades enerxéticas rurais**, desenvolvemento de modelos que axuden a detección das zonas máis aptas para a implantación de comunidades enerxéticas rurais, analicen a súa viabilidade ou fontes de enerxía máis axeitadas para cada caso; ademais, que dimensionen, xestionen e reporten a enerxía renovable local entre fogares, explotacións e empresas.

b) Turismo

Para o ámbito do Turismo, propónse como liña temática a **xestión intelixente e sostible de fluxos turísticos baseada en datos**, orientándose no desenvolvemento de solucións de planificación e xestión turística baseadas no Xemelgo Dixital, integrando datos de mobilidade, ocupación de infraestruturas, consumo de recursos, condicións meteorolóxicas e outros indicadores territoriais para caracterizar a demanda turística, anticipar a saturación de rutas e destino e apoiar a planificación proactiva de servizos e infraestruturas no territorio.

Entre as posibles liñas de traballo deste ámbito inclúense, a modo de exemplo, as seguintes:

- **Estimación de fluxos turísticos**, dispor de indicadores indirectos, coma un sensor do consumo hídrico, enerxético ou sobre a xeración de residuos que faciliten a xestión operativa.
- **Modelización predictiva do fluxo de peregrinos**, recolección de variables meteorolóxicas, estacionais e territoriais que faciliten a xestión da saturación no Camiño de Santiago.



- **Monitorización en tempo real da ocupación de albergues (públicos e privados)**, a través de sensores de fluxo que faciliten información actualizada ao peregrino e apoiem a xestión de rede de aloxamentos.
- **Caracterización sociodemográfica do visitante**, clasificación do turista por xénero, idade e procedencia.

BASE SEGUNDA. Resultado do concurso

Como resultado do concurso, seleccionaranse tres propostas finalistas para cada un dos ámbitos, as que se lles dará visibilidade a través dos canais de difusión da Administración. De entre estas, escollerase unha única proposta gañadora por ámbito. O desenvolvemento destas ideas como proxectos piloto, no seu caso, poderán ter lugar nunha fase posterior.

O concurso poderá declararse deserto, total ou parcialmente, se o Xurado considera que non hai propostas que resulten suficientemente satisfactorias para os obxectivos do concurso.

BASE TERCEIRA. Destinatarios do Concurso

Poderán participar no concurso pemes, centros tecnolóxicos e centros/grupos de investigación que cumpran os requisitos do concurso.

BASE CUARTA. Prazo de presentación e inscrición

O prazo para a presentación de propostas comezará o día **24 de xullo** e rematará o día **7 de setembro** do 2026 as 23:59. Non se aceptarán propostas presentadas fóra de dito prazo.

A inscrición no concurso realizarase de forma telemática. Deberase cubrir o formulario recollido no [Anexo II](#) destas mesmas bases e remitilo a través da [instancia xenérica da Sede electrónica da Xunta de Galicia \(PR004A\)](#) á Consellería de Facenda e Administración Pública; indicando a unidade da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).



BASE QUINTA. Xurado

O xurado estará composto por representantes de:

- a. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)
- b. Axencia Turismo de Galicia (ATURGA)
- c. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

BASE SEXTA. Criterios de adxudicación e Proceso de selección

1. A selección da proposta gañadora realizarase conforme aos principios de concorrencia, obxectividade e non discriminación.
2. As ideas admitidas serán avaliadas tecnicamente conforme aos criterios establecidos seguidamente. As tres candidaturas mellor valoradas de cada un dos ámbitos —medio rural e turismo— pasarán a unha entrevista co Xurado, constituído conforme á Base Quinta, que seleccionará unha proposta gañadora por ámbito. O resultado do concurso comunicarse publicamente mediante un webinar.
3. O concurso poderá declararse deserto se o Xurado considera que non hai propostas que resulten suficientemente satisfactorias para os obxectivos do concurso.
4. A sentenza adoptada polo xurado será inapelable, e non cabe sobre o mesmo, posibilidade algunha de impugnación, recurso ou similar.
5. As propostas presentadas serán valoradas polo Xurado nos seguintes aspectos:
 - a. **Adecuación ao Xemello Dixital e ao modelo de administración orientada ao dato**

Valorarase o aliñamento da proposta cos principios dunha Administración orientada ao dato, considerando especialmente que a idea facilite a recollida, análise e explotación dos datos para a toma de decisións. Ademais, terase en consideración a xustificación do uso do xemello dixital como elemento central da solución e o seu potencial de integración con fontes de datos públicas existentes ou con potencial de existir.

b. Impacto e innovación

Valorarase a capacidade da idea para aportar melloras relevantes e innovadoras no sector (rural ou turístico), mediante a introdución de novos enfoques ou modelos

que supoñan un avance respecto a situación actual. Considerarase especialmente o potencial de mellora na xestión territorial ou na prestación de servizos públicos, así como os beneficios esperados para a cidadanía ou o territorio.

c. Consistencia e viabilidade da proposta

Valorarase a claridade e coherencia interna da proposta: a precisión coa que se define o problema, a lóxica da solución achegada e a profundidade do análise. Do mesmo xeito, consideraranse: o realismo do achegamento, a identificación das fontes de datos necesarias e a súa accesibilidade, e a capacidade da proposta para xustificar de forma convincente que aporta especificamente o xemello dixital fronte a outras aproximacións posibles.

d. Viabilidade económica

Capacidade do proxecto piloto para desenvolverse de forma sostible e eficiente. Valorarase a identificación e adecuación dos costes de desenvolvemento, implantación, así coma o mantemento e uso de datos e recursos xa existentes ou con potencialidade de existir.

e. Replicabilidade e escalabilidade

Valorarase o potencial da idea para ser aplicada noutros ámbitos temáticos ou territorios distintos ao proposto, así como a transferibilidade do enfoque. Unha idea con maior capacidade de xeneralización contribúe de forma máis ampla aos obxectivos do XDG.

Puntuación máxima	Criterio	Aspectos a valorar
25	Adecuación ao Xemello Dixital e ao modelo de administración orientada ao dato	Xustificación do uso do xemello dixital como elemento central; aproveitamento de datos públicos; potencial de integración con sistemas da Administración.
20	Impacto e innovación	Carácter innovador da solución; potencial de mellora na xestión territorial ou na prestación de servizos



		públicos; beneficios esperados para a cidadanía ou o territorio.
35	Consistencia e viabilidade da proposta	Claridade e coherencia interna; precisión na definición do problema e a solución; xustificación do valor específico do xemello dixital; identificación de datos necesarios e a súa accesibilidade.
10	Viabilidade económica	Sustentabilidade e eficiencia; identificación de costes de desenvolvemento, implantación e mantemento; capacidade de uso de infraestruturas, datos ou recursos existentes ou con potencialidade de existir.
10	Replicabilidade e escalabilidade	Potencial de aplicación da idea noutros ámbitos temáticos ou territorios; transferibilidade do enfoque proposto.

BASE SÉPTIMA. Difusión das ideas gañadoras e participantes

Tanto a proposta gañadora do concurso como as participantes poderán ser obxecto de difusión con fines de divulgación e información no espazo XDG das ideas presentadas.

BASE OITAVA. Confidencialidade

Débese cumprir coa normativa vixente en materia de protección de datos (Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal y en el Regulamento 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta o tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos).



As propostas presentadas no concurso, así como a información técnica, económica ou de calquera outra natureza, será confidencial. Esta información será utilizada exclusivamente para o desenvolvemento do proceso de avaliación e selección, sen poder ser divulgada sen consentimento expreso.

BASE NOVENA. Aceptación das bases

A participación no presente concurso implica a plena aceptación das bases e da decisión do xurado.

ANEXO I. Capacidades técnicas e funcionais da Plataforma Territorio Intelixente

A.1 Capacidades funcionais da plataforma

A Plataforma Territorio Intelixente (PTI) é a infraestrutura tecnolóxica e operativa da Xunta de Galicia que permite integrar, xestionar e explotar os datos do territorio galego mediante xemellos dixitais, modelos analíticos e servizos intelixentes.

A continuación, resúmense a título orientativo e sen carácter exhaustivo, as súas principais capacidades funcionais, agrupadas por ámbito.

Ámbito funcional	Capacidades
Visualización e mapas	Visores xeoespaciais, estáticos ou interactivos, integrables en páxinas web e portais corporativos. Mapas interactivos que combinan información xeográfica con narrativas visuais (relatos cartográficos). Cadros de mando (dashboards) que integran datos xeográficos e indicadores de negocio. Aplicacións web GIS interactivas e adaptables a distintos dispositivos, de desenvolvemento áxil (low code). Ferramentas móbiles para a recollida de datos en campo, sincronizables coa plataforma corporativa.

Datos en tempo real e sensórica (IoT)	Absorción, visualización e análises de datos en tempo real procedentes de sensores, dispositivos IoT e outras fontes dinámicas, incluída a integración coa rede iCousas. Xeración de alertas e desencadeamento de accións automáticas ante cambios detectados nos datos.
Análises e xeoprocesamento	Xeoprocesamentos avanzados (interpolación espacial, análises estatístico xeográfico, xeración de modelos predictivos), dispoñibles tamén como servizo invocable. Procesamento e análise masivo de grandes volúmenes de datos xeográficos. Procesos periódicos de extracción, transformación e carga (ETL) desde sistemas externos cara a sistemas corporativos.
Imaxes e datos 3D	Procesamento e análise automatizado de imaxes (satélite, aéreas, entre outras). Visualización e análise de información en tres dimensións (escenas e datos 3D).
Localización e cálculo territorial	Xeocodificación directa (obtención de coordenadas a partir dunha dirección ou punto de interese) e inversa (obtención de direccións ou puntos de interese a partir dunha localización). Cálculo e optimización de rutas. Cálculo de elevacións e alturas (compoñente Z) de puntos concretos do territorio.
Interoperabilidade e catálogo de datos	Posta a disposición de datos con compoñente xeográfica para o seu aproveitamento por parte doutros sistemas. Catálogo centralizado de metadatos para a consulta de información xeográfica dispoñible na organización.

A.2 Principais compoñentes tecnolóxicos

A PTI apóiase nunha arquitectura organizada en tres capas lóxicas: presentación, análise e datos, construídas sobre a suite de produtos ArcGIS Enterprise de Esri.

A seguinte tabla resume, dunha forma simplificada, os principais compoñentes tecnolóxicos desta arquitectura:

Capa / compoñente	Descrición funcional
Capa de presentación	Punto de acceso único aos contidos da plataforma, con xestión de usuarios e de roles (perfiles de creación e de visualización de contidos). Compoñentes de rede que xestionan de forma segura as peticións e o acceso dende o exterior.
Capa de análise — servicios xerais	Motor central que expón os datos e as capacidades da plataforma mediante unha interface (API) aberta e documentada, utilizable tanto por aplicacións propias como por aplicacións de terceiros.
Capa de análise — imaxes e datos ráster	Xestión avanzada de imaxes de satélite e outros datos ráster (por exemplo, Sentinel o Landsat), con xeración de produtos derivados e posibilidade de aplicar modelos de intelixencia artificial (deep learning) para a súa clasificación.
Capa de análise — datos en tempo real	Absorción, análise e xeración de alertas a partir de datos en tempo real procedentes de sensores, dispositivos IoT ou outras fontes dinámicas, incluída a rede iCousas da Xunta de Galicia.
Capa de análise — automatización e ciencia de datos	Execución de análises e automatización de fluxos de traballo mediante cadernos de código (notebooks) e librerías de programación, útiles para tarefas de limpeza de datos, modelado ou aprendizaxe automático.
Capa de análise — elevacións e 3D	Servizos para a xeración de escenas tridimensionais e de perfís de elevación do territorio, empregados en visores de rutas, análises de visibilidade ou de propagación de redes, entre outros usos.
Capa de datos	Almacenamento xestionado por la propia plataforma para capas de información, teselas, escenas 3D e grandes volúmenes de datos en tempo real. Conexión coas fontes de datos corporativas oficiais da Xunta de Galicia (bases de datos relacionais e outros reposteiros). Opcións de almacenamento na nube e no caché para optimizar o rendemento e a escalabilidade.



ANEXO II. Información necesaria para a presentación da idea

1. IDENTIFICACIÓN DO PARTICIPANTE

Nome da empresa/entidade	CIF/NIF
Comunidade Autónoma	Sector da actividade
Persoa de contacto	Cargo
Email de contacto	Teléfono

1.1 Tipoloxía da entidade (marcar una):

- ☐ PEME
- ☐ Centro tecnolóxico
- ☐ Centro/grupo de investigación
- ☐ Outro: _____

1.2 Participa en consorcio con outras entidades?

- ☐ Si → indicar entidades colaboradoras no apartado 9
- ☐ Non

2. VERTICAL ESTRATÉXICA

Seleccionar unha vertical

- ☐ Medio rural
- ☐ Turismo



3. CONTEXTO E NECESIDADE

Describir o problema, reto ou necesidade que se aborda. A que axentes afecta? (Máx. 500 palabras)

4. SOLUCIÓN BASEADA EN XEMELGO DIXITAL

4.1 Descrición da solución

Explicar en que consiste a solución e como emprega o Xemelgo Dixital como compoñente central. (Máx. 1000 palabras)

4.2 Tipoloxía da solución (selección múltiple)

- ☐ Modelo
- ☐ Produto
- ☐ Outro: _____

4.3 Por que o Xemelgo Dixital e non outra tecnoloxía?

Xustificar que aporta especificamente o enfoque do xemelgo dixital fronte as solucións alternativas. (Máx. 300 palabras)

5. VALOR E IMPACTO

5.1 A quen beneficia a solución? (selección múltiple)

- ☐ Administración Pública
- ☐ Cidadanía/usuarios finais
- ☐ Sector privado/empresas
- ☐ Medio ambiente/territorio

5.2 Descrición do impacto esperado

(Máx. 300 palabras)

5.3 Replicabilidade

Pode aplicarse noutros ámbitos ou territorios? Con que adaptacións? (Máx. 300 palabras)

6. MADUREZ E VIABILIDADE

6.1 Estado actual da idea

- ☐ Concepto



- ☐ Piloto
- ☐ En desenvolvemento

6.2 Prazo estimado de implementación do piloto

- ☐ < 6 meses ☐ 6 – 12 meses ☐ 12 – 24 meses ☐ > 24 meses

6.3 Recursos necesarios para desenvolver o piloto

Indicar necesidades de equipo técnico, datos, infraestrutura tecnológica, financiación estimada ou outros recursos clave. (Máx. 300 palabras)

7. DATOS E INTEROPERABILIDADE

7.1 Fontes de datos necesarias

Que datos son imprescindibles para a solución? Están dispoñibles ou habería que xeralos? (Máx. 300 palabras)

7.2 Integración con outros sistemas

Intégrase con sistemas da Administración, plataformas sectoriais ou outras fontes? Como? (Máx. 300 palabras)

8. VIABILIDADE ECONÓMICA

8.1 Explica brevemente a viabilidade económica do proxecto piloto

Indicar a capacidade do proxecto piloto para desenvolverse de forma sostible e eficiente, incluíndo tamén os costes estimados de implantación e mantemento, así como o do uso de recursos dispoñibles ou con potencialidade de existir. (Máx. 500 palabras)

9. EQUIPO PROPOÑENTE

9.1 Experiencia relevante da entidade no ámbito da proposta

(Máx. 300 palabras)

10. REDE DE COLABORADORES (Opcional)

Entidades colaboradoras no desenvolvemento da idea. (Máx. 300 palabras)



11. MATERIAL ADICIONAL (Opcional)

11.1 Información adicional relevante non recollida nos apartados precedentes

(Máx. 300 palabras)

11.2 Elementos multimedia que acompañan a proposta (indicar cales se adxuntan)

- ☐ Imaxes / diagrama ☐ Captura de pantalla ☐ Gráfico / visualización
- ☐ Vídeo demostrativo ☐ Outro: _____

12. DIFUSIÓN

Consentimento a difusión do proxecto dentro do ecosistema XDG.

- ☐ Si
- ☐ Non